



FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2021 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense constituíuse en escritura autorizada por notario o 24 de decembro de 1.992 na cidade de Ourense.

Os seu obxectivo é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que súa denominación e fins se contraen.

En xeral son fins desta Fundación a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, de fomento da prevención de riscos laborais, e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo elo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

En particular son fines da Fundación, e con base ao indicado nos parágrafos precedentes, os seguintes:

1. A promoción e o fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas, turísticas, culturais, en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.

2. A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións na provincia de Ourense que sirva ademais de lugar de celebración de Feiras e Certames, para o destino de exposición permanente de produtos ourensáns.

3. A formación profesional de tódolos sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde que puideran servir de apoio e desenvolvemento, da actividade de feiras, exposicións e demais contempladas nestes estatutos.

4. O fomento da prevención de riscos laborais entre as empresas e traballadores de Galicia, así como a promoción de actuacións tendentes á mellora da prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, a través da celebración periódica de certames, feiras, exposicións, congresos, xornadas técnicas e conferencias. A cooperación con toda clase de entidades e organización que persigan fins e obxectivos similares.

5. A promoción da cidade e o conxunto da provincia de Ourense como destino de turismo de reunións, congresos, convencións e incentivos, fomentando a súa captación e celebración no noso entorno e facilitando asesoramento ás entidades e ás empresas promotoras na organización dos mesmos.

6. O apoio a empresas, asociación e organismos intermedios en materia de internacionalización, e o asesoramento e consultoría sobre oportunidades comerciais en mercados estranxeiros.

7. Establecer, desenvolver e impulsar medidas de acción positiva que aborden áreas de actuación como familia, infancia e xuventude, minusvalías, velez, muller, minorías étnicas, así como calquera outra problemática de marxinação social.

8. O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.

9. Calquera outros que afecten ou incidan calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais, peculiares, efectivos ou expectantes da Fundación por elo das entidades que a integran.

Para a consecución destes fins, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- Establecer as estruturas organizativas que foran pertinentes.
- Facilitar intercambios de información mutua.
- Constituír servizos de formación e asesoramento dos seus membros e organizar xornadas de estudo e orientación.
- Promover estudos e publicacións.
- Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oído na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores que estes Estatutos se contraen.
- Organizar cursos, xornadas técnicas e congresos.
- Organizar certames periódicos, exposicións e eventos.
- Calquera outras actividades que afecten ou incidan nos fins anteriormente establecidos.
- Apoio a empresas en materia de internacionalización, elaboración de estudos de mercado e novas oportunidades comerciais.
- Promoción exterior da cidade e provincia de Ourense como destino de turismo de reunións e sé de eventos.
- Asesoramento na organización de eventos e xestión dos mesmos noutros espazos.

A Fundación esta dirixida por un Padroado, formado por un Presidente e 19 membros máis, en representación de diferentes entidades. As facultades do Padroado son:

-Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.

-Interpretar e desenvolver os estatutos e, si é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.

- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre os fins da Fundación.

-Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revocación dos mesmos.

-Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.

- Delegar as determinadas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación.

-A aprobación das contas anuais da Fundación e o plan de actuación.

-A modificación dos estatutos.

-O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.

-Calquera acto que precise autorización ou aprobación do protectorado.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRICIÓN EIXO
E1	EMPREGABILIDADE E CRECEMENTO INTELIXENTE

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
E1	PA1.2	FOMENTO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL E COMERCIAL

OBXECTIVOS XERAIS

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ten como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas e todas aquelas que potencien o desenvolvemento destes sectores na Comunidade Galega e, en especial, da provincia de Ourense.

Aposta pola internacionalización:

En canto á internacionalización fíxase como obxectivo o apoio ás empresas nesta materia e na proxección da súa capacidade innovadora, así como no apoio ós autónomos e ás microempresas na búsqueda de novos clientes e mercados. Dado o contexto actual pandémico que dificulta a chegada de profesionais doutros países, abordaranse accións de carácter híbrido (mix de presencial e dixital) que permitan manter a presenza e contacto con potenciais clientes estranxeiros mediante medios telemáticos.

Labor Social:

En relación ó labor social que ven desenvolvendo a Fundación dende hai anos, estúdanse novos acordos de colaboración con asociacións ou organizadores que traballen a favor da sociedade dende diferentes ámbitos.

LIÑAS DE TRABALLO

Derivado da instalación da pista de atletismo, e do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte que regula o uso deportivo da mesma, hai unha restrición de catro meses na xestión do pavillón feiral por parte da Fundación. Polo tanto entre os obxectivos para 2021 encóntrase apostar pola comercialización das salas de actos, e incidir en actividades formativas, adaptándonos á infraestrutura dispoñible, así como redeseñar proxectos que poidan complementarse coa ampliación das instalacións levada a cabo durante o ano 2020 que supón un incremento de 400 m² do espazo expositivo.

Un dos retos fundamentais para o ano 2021 será o reposicionamento do salón XANTAR, que durante máis de vinte anos se ten celebrado no primeiro trimestre do ano, pero co fin de facilitar a continuidade da temporada de atletismo indoor ata fin de marzo, procederemos a situar este proxecto no último trimestre do ano.

Expourense para o ano 2021 ten previsto a realización das feiras que se relatan a continuación. Todas elas son eixos que definen a vida socioeconómica da provincia, nichos de mercado singulares que teñen neste recinto feiral o seu oco e a súa posibilidade de promoción, algunhas a nivel internacional:

FEIRAS:

- 15ª Edición: Previsel "Salón da Prevención e Seguridade Laboral"
- 25ª Edición: Mostra da Oportunidade
- 9ª Edición: "Ourense Vinis Terrare "Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade"
- 22ª Edición: Celebra "Salón de Bodas, Comunións, Bautizos e Actos Sociais"

- 1ª Edición: Salón do Automóbil- vehículo Ecolóxico de Galicia
- 3ª Edición: Salón do Automóbil- Car Outlet
- 20ª Edición: Termatalia “Feira Internacional del Turismo Termal”
- 13ª Edición: Salón do Automóbil-Vehículo novo
- 13ª Edición: Salón do Automóbil- Vehículo de ocasión
- 22ª Edición: Xantar “Salón Internacional de Turismo Gastronómico”
- 4ª Edición: Sportur Galicia “ Feira do Deporte e Turismo Activo”
- 6ª Edición: Antiq Auria “ Feira Internacional de Antigüidades”

Actividades paralelas:

- Congreso Profesional de Envellecemento, dependencia e calidade de vida. Galise-nior.
- Xomada de divulgación das enerxías renovables.
- Rally de Ourense
- Cursos formativos AFD
- XIV Encontro Internacional sobre Auga e Saúde enmarcado dentro da feira Termatalia, e que contará con expertos a nivel internacional.
- IX Foro da Comunicación de Galicia, no que se darán cita empresarios e profesionais do sector.
- Xomada de Exaltación da Calidade, sumándonos a outras empresas e institucións para conmemorar o Día Internacional da Calidade.
- Concurso de Proxectos Empresarias.

1.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2021	2022	2023
OE1.2.05	MODERNIZACIÓN E MELLORA DO TECIDO COMERCIAL	1.344.727	1.344.727	1.344.727
	TOTAL	1.344.727	1.344.727	1.344.727

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2021	2022	2023
0001	IMPULSO E APOIO ÁS EMPRESAS	1.344.727	1.344.727	1.344.727
	TOTAL	1.344.727	1.344.727	1.344.727

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2021	2022	2023	UNIDADES
101	EXPOSITORES	500	500	500	
102	VISITANTES	60.000	60.000	60.000	
103	NÚMERO DE EVENTOS	40	40	40	
104	DÍAS DE OCUPACIÓN	290	290	290	

Durante o 2021 traballarase nestes eixos:

- Incrementar a rendibilidade do recinto a través do aluguer das nosas instalacións.
- Potenciar o valor diferenciador dos nosos espazos para poder ser máis competitivos.
- Posicionar o recinto dentro das empresas organizadoras de eventos.
- Establecer convenios de colaboración con institucións tanto nacionais como internacionais que nos permitan seguir incrementando o labor de internacionalización.
- Fidelización de clientes.
- Traballar na mellora do noso posicionamento a través das redes sociais.
- Estudar a viabilidade de novos proxectos feirais que nos permitan substituír outros que xa non son tan rendibles.
- Revisión de taxas, tanto de aluguer de instalacións como de comercialización das feiras, redeseñándoas, co ánimo de animar á contratación de espazos.
- Consolidamos como recinto feiral de referencia dentro da comunidade de Galicia.
- Internacionalización, Calidade, Innovación, Emprendemento e Formación, serán os eixos principais nos que se incidirá.

I.2. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
OURENSE	538.323	668.500	532.904
TOTAL	538.323	668.500	532.904

I.3. Previsións orzamentarias e financiamento

I.3.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2021	2022	2023
Axencia Turismo de Galicia-Congresos	10.000	10.000	10.000
Consellería de Traballo- cursos AFD	15.000	15.000	15.000
Cuotas de afiliados e usuarios	494.500	494.500	494.500
Outros ingresos de explotación-Aluguer inst.	192.414	192.414	192.414
Pista Atletismo	100.000	100.000	100.000
Secretaría Xeral para o Deporte-Sportur	50.000	50.000	50.000
Subvención Axencia Turismo de Galicia-Feira Xantar	30.000	30.000	30.000
Subvención Axencia Turismo de Galicia-Termatalia	50.000	50.000	50.000
Subvención ferias/eventos Diputación Ourense	70.000	70.000	70.000
Subvención patrono- CEO	6.232	6.232	6.232
Subvención patrono- Concello San Cibrao	6.000	6.000	6.000
Subvención patrono- Concello de Ourense	68.558	68.558	68.558
Subvención patrono-ABANCA	20.000	20.000	20.000
Subvención patrono- Deputación Ourense	70.000	70.000	70.000
TOTAL	1.182.704	1.182.704	1.182.704

Ingresos derivados da venda de espazos e prestación de servizos nas feiras e eventos organizados por esta Fundación, así como das aportacións dos patróns que non forman parte dos ingresos por subvencións correntes recibidas da C.A.

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
Consellería de Economía, Emprego e Industria-patr	67.900	67.900	67.900
TOTAL	67.900	67.900	67.900

As subvencións que se prevén recibir contribuirán á financiación dos gastos de explotación da fundación para levar a cabo os proxectos orzamentados.

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
Nº Empleados	11,25	11	12
Custo Total	463.705	435.000	538.146,5
Custo Medio	42.218	39.545	44.845

Servizos exteriores

DESCRIPCIÓN	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023
Actividade Deportiva-Pista Atletismo	102.923	100.000	100.000	100.000	100.000
Actividade feiras/eventos	708.837	398.000	476.500	476.500	476.500
Canon Asoc. Feiras	5.514	1.370	1.500	1.500	1.500
Comunicacións	15.060	13.000	13.000	13.000	13.000
Cursos formacion	20.104				
Limpeza oficinas	7.400	7.000	7.000	7.000	7.000
Mantenemento pavillón	11.052	5.608	4.000	4.000	4.000
Material de Oficina	5.587	3.500	5.000	5.000	5.000
Primas de seguros	16.602	16.600	16.000	16.000	16.000
Reparacións e conservacións	10.470	5.000	4.600	4.600	4.600
Serv. profesionais independentes	11.355	7.500	16.000	16.000	16.000
Servizos Bancarios	599	400	500	500	500
Suministros	41.322	25.900	24.400	24.400	24.400
TOTAL	956.825	583.878	668.500	668.500	668.500

Amortización

DESCRIPCIÓN	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
AMORTIZACIÓN DO IMMOBILIZADO	410.704	430.000	425.000
TOTAL	410.704	430.000	425.000

A amortización prevista no orzamento establécese de forma sistemática e racional en función da vida útil dos bens e do seu valor residual, atendendo á depreciación que normalmente sofren polo seu funcionamento, uso e disfrute así coma sen prexuízo de considerar tamén a obsolescencia técnica ou comercial que puidera afectarlles.

Subvencións concedidas pola entidade

A entidade non ten prevista a concesión de subvencións a terceiros no ano 2021.

I.3.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense non ten previsto recibir subvencións de capital no exercicio 2021.

Figuran no balance da fundación unha subvención de capital concedida pola Unión Europea para a construción do recinto feiral e as subvencións concedida pola xunta de Galicia para esta mesma finalidade nos exercicios 1993, 1994 e 1995, por importe total de 2.704.553,88 euros. A subvención da UE ascendeu a 2.476.770,88 euros.

No ano 2018 recibíuse unha subvención de Capital procedente da Secretaría Xeral para o Deporte para financiar a compra da protección da pista de atletismo para o período de actividade feiral por importe 358.977 euros

Ambas subvencións figuran contabilizadas na conta 130 "Subvencións oficiais de capital" e impútanse aos resultados en función da vida útil dos bens que financian.

Achegas patrimoniais

Nos están previstas achegas patrimoniais para o ano 2021.

Financiamento alleo a longo prazo

Dentro do pasivo NON CORRENTE figuran no balance da fundación a cantidade de 1.500 euros na partida "Outros pasivos a longo prazo" que se corresponden co importe aboado pola concesionaria da cafetería-restaurante a modo de garantía.

Por outra parte figura na conta "Periodificacións a longo prazo" as adquisicións de inmovilizado realizadas no exercicio 2018 como consecuencia das concesións por parte da Xunta de Galicia á Fundación nas que se inclúe unha pista de atletismo hidráulica cuberta por importe de 3.146.310 euros financiada pola Secretaría Xeral para o Deporte e outros bens materiais por importe de 736.198 euros financiados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia incorporados ambos ao patrimonio da Fundación.

Unha vez incorporada a pista de atletismo ao patrimonio da fundación constituíuse un dereito real de uso por período de 20 anos de tales instalacións a favor da Secretaría Xeral para o Deporte. Para o reflexo contable tanto da incorporación das instalacións como da constitución do dereito real tivéronse en conta os principios e criterios contables contidos na orde EHA/3362/2010 de 23 de decembro de rexistro de instalacións no activo material polo seu valor razoable e o rexistro da conta de ingreso diferido cuxa imputación a resultados faise en función do principio de devengo de acordo coa NRV 14ª do PGC.

Remanente de Tesourería

	2019	2020
1. Fondos líquidos	124.084	50.000
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	596.311	240.000
Do orzamento corrente	102.239	3.000
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias	9.660	2.000
De operacións comerciais	484.412	235.000
3. Obrigas pendentes de pago (-)	124.860	56.000
Do orzamento corrente	124.860	56.000

	2019	2020
De orçamentos pechados		
De operacións non orçamentarias	0	
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	595.535	234.000
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro	0	0
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	595.535	234.000

APLICACIÓNS

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN S INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
INMOBILIZADO INTANXIBLE	1.627	200	0
INMOBILIZADO MATERIAL	8.266	2.000	30.000
TOTAL	9.893	2.200	30.000

Adquisicións de inmovilizado financeiro

ADQUISICIÓN S DE INMOBILIZADO FINANCEIRO	REAL 2019	ESTIMADO 2020	PREVISIÓN 2021
0	0	0	0
TOTAL	0	0	0

Non proceden no exercicio 2021

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense financia a maioría dos seus gastos cos ingresos xenerados pola actividade de feiras e eventos que promove. Estes gastos son necesarios para dar cumprimento aos obxectivos establecidos nos seus estatutos e nos fins fundacionais.

As aportacións dos patróns son necesarias para financiar a parte dos gastos dos orçamentos correspondentes a servizos xerais que non se financian cos ingresos xerados.

Esta aportación supón o 13,7 % do orzamento total da fundación para o ano 2021.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

Formulario F.01

FUND. FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
A) Activo non corrente		7.424	7.552	7.157
I. Inmovilizado intanxible		8	5	4
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares		4	2	2
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas		5	3	2
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmóbiles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens móbiles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material		7.410	7.547	7.154
1. Terreos e construcións		3.466	3.766	3.544
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material		3.941	3.780	3.609
3. Inmovilizado en curso e anticipos		3		
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo		6		
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros		6		
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		720	290	264
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados				
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia		102	3	25
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar		484	235	212
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos		69	5	12
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios		50	15	20
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente		77	55	24
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		288	160	156
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
Formulario F.01				
FUND. FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE				
		(En miles de euros sen decimais)		
	BALANCE. ACTIVO	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	10	2	5
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	124	50	22
	1. Tesourería	124	50	22
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	8.144	7.842	7.421

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

Formulario F.02

FUND. FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

	BALANCE PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
A) Patrimonio Neto		4.438	3.997	3.806
A-1) Fondos propios		2.632	2.383	2.383
I. Dotación fundacional/Fondo social		7.527	7.527	7.527
1. Dotación fundacional/Fondo social		7.527	7.527	7.527
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas				
1. Estatutarias				
2. Outras reservas				
III. Excedentes de exercicios anteriores		-4.642	-4.895	-5.144
1. Remanente		19	19	19
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)		-4.661	-4.914	-5.164
IV. Excedente do exercicio		-253	-249	
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		1.805	1.614	1.423
I. Subvencións		1.805	1.614	1.423
II. Doazóns e legados				
B) Pasivo non corrente		3.582	3.784	3.486
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo		2	2	2
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		2	2	2
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo		3.580	3.782	3.485
C) Pasivo corrente		125	62	130
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		1	6	6
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito		1	1	1
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros			5	5
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores				
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		124	56	124
1. Proveedores		86	42	90
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		8	4	4
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		26	10	30
7. Anticipos recibidos por pedidos		4		
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		8.144	7.842	7.421

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
Formulario F.03				
FUND. FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE				
		(En miles de euros sen decimais)		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		1.220	685	1.058
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios		621	301	495
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións				
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		600	384	564
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil				
3. Gasto por axudas e outros				
a) Axudas monetarias				
b) Axudas non monetarias				
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno				
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación				
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos				
7. Outros ingresos de explotación		395	447	490
8. Gastos de persoal		-464	-435	-538
a) Soldos, salarios e asimilados		-357	-340	-412
b) Cargas sociais		-107	-95	-127
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-1.004	-584	-669
a) Servizos exteriores		-957	-584	-669
b) Tributos				
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais		-47		
d) Outros gastos de xestión corrente				
10. Amortización do inmovilizado		-411	-430	-425
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		191	191	191
12. Excesos de provisións		-68		
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferencia negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados				
Gastos excepcionales				
Ingresos excepcionales				
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		-141	-125	108
16. Ingresos financeiros				
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros				
17. Gastos financeiros		-113	-124	-108
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.		-113	-124	-108
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)		-113	-124	-108
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		-253	-249	
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		-253	-249	
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021				
Formulario F.03				
FUND. FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE				
		(En miles de euros sen decimais)		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
1. Subvencións recibidas				
2. Doazóns e legados recibidos				
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)				
C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Subvencións recibidas				
2. Doazóns e legados recibidos				
3. Outros ingresos e gastos				
4. Diferencias de conversión				
5. Efecto impositivo				
C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)				
D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)				
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO				
F) AXUSTES POR ERROS				
G) VARIACIÓNS NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL				
H) OUTRAS VARIACIÓNS				
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		-253	-249	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021

Formulario F.04

FUND. FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-253	-249	
2. Axustes no resultado	35	65	44
a. Amortización do inmovilizado (+)	411	430	425
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)			
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)			
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	-191	-191	-191
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)	113	124	108
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)	-298	-298	-298
3. Trocos no capital corrente	107	495	66
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	305	349	1
c. Outros activos correntes (+/-)	-1	8	-3
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	-45	-68	68
e. Outros pasivos correntes (+/-)	-151	5	
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)		202	
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-1	-2	-108
a. Pagos de intereses (-)	-1	-2	-108
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-112	309	2
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	130	-388	-30
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)	-8	-1	
c. Inmovilizado material (-)	-2	-387	-30
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)	140		
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	130	-388	-30
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Aportacións a tación fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)			
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro		5	
a. Emisión		5	
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)		5	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2021			
Formulario F.04			
FUND. FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2019	ESTIMADO 2020	ORZAMENTO 2021
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)		5	
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	18	-74	-28
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	106	124	50
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	124	50	22

